


**UNIVERSIDADE DE VIGO. CAMPUS DE OURENSE**  
**FACULTADE DE CIENCIAS EMPRESARIAIS E**  
**TURISMO**



DO	PROCEDEMENTO DA PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO ENSINO
R2-DO0203	INFORME FINAL DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

**CURSO 2019-2020**

Universidade de Vigo	INFORME FINAL DO PAT	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	CODIF: R2-DO0203
----------------------	----------------------	---	---------------------

## PRESENTACIÓN

A avaliación do Plan de Acción Titorial (P.A.T. ou PAT) concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que achega datos sobre:

- Os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan.
- A idoneidade dos medios e dos recursos empregados para obter os citados resultados.

Os datos da avaliación constituirán un elemento para reflexionar que contribuirá a lograr os obxectivos establecidos con carácter xeral. Constitúe unha ferramenta esencial xa que proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e a finalización do PAT.

As principais fontes de datos serán:

- Os rexistros do PAT (fichas, anotacións, incidencias).
- As enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado.
- Os indicadores de impacto das actuacións (número de actuacións, participación, asistencia, solicitudes do estudiantado, etc.).

Neste documento preséntase a valoración global das accións realizadas. Analízase o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas.

Universidade de Vigo	INFORME FINAL DO PAT	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	CODIF: R2-DO0203
----------------------	----------------------	--	------------------

## CUMPRIMENTO DA PLANIFICACIÓN E SEGUIMENTO DO PAT NOS GRAOS

Ficha para a Avaliación do PAT Grados (Turismo e ADE)					
Grao de Cumprimento do PAT respecto ao Planificado					
Actuacións de organización					
Actividade	(Marcar cunha x)			Xustificación	Nº de asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Act. 1: Organización- Presentación (Outubro) (envío mail ós titores)		X		Substituíuse por información via email	_____
Act. 2: Reunión Alumnos/as-titores/as (Outubro-Xullo)		X		Substituíuse por información via email	_____
Act. 3 Asesoramento Seguimento continuo (outubro a Xullo)			X		Todas/os estudantes que o solicitaron
Act. 4: Análise- Avaliación final do PAT			X		Os membros da comisión de garantía da calidade.
Actividades de acollida					
Actividade	(Marcar cunha x)			Xustificación	Nº de asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Xornada de acollida (Setembro)			X		80 ca.
Acto presentación de cada unha das materias. (Setembro/Febreiro)			X		Entre un 75 e un 90% dos alumnos matriculados
Actividades de apoio e seguimento					
Actividade	(Marcar cunha x)			Xustificación	Nº de asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Reunión Grupal (Novembro)	X			Os alumnos non o consideran necesario.	
Reunión Grupal (Abril)	X			Id. Ademais, non tería sido posible pola situación de confinamento.	
Reunión Grupal (Maio)	X			Id.	
Actividades de carácter formativo					
Actividade	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente	Xustificación	Nº de asistentes
Curso 0			X		25 ca.

Ciclo conferencias, seminarios e/ou xornadas			X		Variable. A situación de confinamento fixo que moitas se realizaran en remoto.
--	--	--	---	--	--

## Conclusións

Constátase que as reunións de grupo na clase non consenten que a información do PAT chegue a un número desexado de estudantes, senón ós presentes nese momento. Este tipo de reunións non motivan un gran interese entre o estudiantado.

Máis ben, os alumnos coñeceron a través de plataformas telemáticas (páxina web da facultade <http://fcetou.uvigo.es/index.php/es/plan-de-accion-tutorial> e diversos correos electrónicos enviados ex profeso) a existencia do PAT, a súa importancia e o nome do seu titor/a, así como a través do acto de acollida no inicio do curso. Os titores mostraron en todo momento a súa disposición para axudar e asesorar ós alumnos nos seus problemas académicos ou administrativos.

A Facultade ofrece unha diversa e completa oferta formativa complementaria que vai máis aló das ensinanzas en aulas, mediante cursos cero, seminarios e outras actividades formativas. Toda estas actividades son publicitadas a través de diferentes medios físicos e electrónicos, e a información está dispoñible na páxina web do centro. As circunstancias socio-sanitarias influíron, lóxicamente, na realización de moitas delas. Con todo, tratouse de suspender o menor número posible, cambiando só o modo de celebración.

Temos detectado tamén que o interese dos estudantes polo “curso cero” continúa a reducirse, a pesar da (ao noso entender) relevancia do mesmo e ser destacado reiteradamente por diversos medios (acto de acollida, xornadas de presentación de materias, comunicacións telemáticas a todos os alumnos, publicidade en diversos soportes, etc.). Nótese que o curso non tivo interferencia extraordinaria algunha, dado que se programa ao comezo do ano académico.

Finalmente, parece moi importante destacar que o confinamento imposto polo estado de alarma declarado a consecuencia da pandemia mundial incidiu notablemente -como non podía ser doutra forma- nas peticións de asistencia e tutoría. Tratouse de atender todas elas coas máximas celeridade e exactitude posible. O que non supuxeron, con todo, foi un cambio nas tendencias xa apuntadas, senón máis ben unha aceleración das mesmas. En efecto, diríase que se asumiu con naturalidade a necesidade da comunicación remota e produciuse de maneira "oficial" o que antes xa viña observándose na práctica con cada vez maior frecuencia.

	INFORME FINAL DO PAT	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	CODIF: R2-DO0203
---	----------------------	---	---------------------

## CUMPRIMENTO DA PLANIFICACIÓN E SEGUIMENTO DO PAT NOS MÁSTER

### Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde

<b>PAT Master Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde curso 2019/2020</b>	
<b>ACTIVIDADE</b>	<b>XUSTIFICACIÓN</b>
Act. 1. Reunión Alumnos/as-coordinadores/as 26/09/2019	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Presentación da programación do master, materias e responsables de cada materia.</li> <li>-Presentación da materia TFM, procedementos e normativa.</li> <li>-Presentación da materia prácticas, procedementos e normativa.</li> <li>-Explicación dos modos de contacto coa coordinación e responsables de materias.</li> <li>-Asignación de titores aos alumnos (PAT).</li> <li>-Explicación do funcionamento e dinámicas do master, acceso á plataforma da universidade (fáitic) e conta de correo.</li> <li>-Explicacións xerais sobre a facultade e Universidade de Vigo.</li> </ul>
Act. 2. Asesoramento Seguimento continuo. 19/12/2019	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Interese por parte da coordinación do desenvolvemento do primeiro cuadrimestre.</li> <li>-Interese por parte da coordinación do estado dos TFMs.</li> <li>-Asignación de prácticas aos alumnos.</li> </ul>
Act. 3. Análise-Avaliación final do PAT.13/03/2020	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Interese por parte da coordinación do desenvolvemento do curso, quedando so pendentes as prácticas e defensas de TFM en xullo, xa que ninguén solicitou marzo.</li> <li>-Dúbdidas dos alumnos respecto ao TFM.</li> <li>-Avaliación do master por parte dos alumnos e suxerencias para vindeiros cursos.</li> </ul>
<b>ACTIVIDADES DE ACOLLIDA</b>	<b>XUSTIFICACIÓN</b>
Xornada de presentación. 16/09/2019	Dende a coordinación presentouse información do master (materias, profesorado, acceso á plataforma, procedementos do TFM e prácticas, o PAT...). Finalmente propúxose unha quenda de preguntas na que os alumnos formularon todas as súas inquietudes (datas das prácticas, formato do TFM, avaliación das materias...).
<b>ACTIVIDADES DE APOIO E SEGUIMENTO</b>	<b>XUSTIFICACIÓN</b>
Reunión Grupal. 19/12/2019	Dende a coordinación preguntouse aos alumnos como se desenvolveu o primeiro cuadrimestre e a avaliación continua (quedando aínda pendentes os exames de xaneiro). A coordinación tamén se intereseou polo estado dos TFMs. Finalmente, a coordinación preguntou polo tema de prácticas. En canto aos TFMs a maioría tan so ten o tema decidido e comezou a buscar información, centrándose na elaboración do mesmo no segundo cuadrimestre.

Reunión Grupal. 13/03/2020	<p>Dende a coordinación preguntouse aos alumnos como se desenvolveu o segundo cuadrimestre e curso en xeral.</p> <p>A coordinación tamén se interesou de novo polo estado dos TFMs, xa que no primeiro cuadrimestre a maioría optou directamente pola defensa en xullo.</p> <p>Finalmente, a coordinación matizou pequenos detalles das prácticas, próximas ao seu inicio.</p>

### Conclusiones:

En canto á titorización, ademais das sesións sinaladas, o alumno pode contactar en calquera momento do curso coa coordinación, ben a través do mail ([secretaria@masterturismoourense.es](mailto:secretaria@masterturismoourense.es)), teléfonos (988368738 ou 988368865) ou concertar unha cita persoal. Son moitas máis as consultas respondidas vía mail ou telefonicamente que as reunións organizadas.

En todas as sesións presenciais do PAT o número de alumnos asistentes foi de 10.

Ademais, o master ofrece unha rica e completa oferta formativa complementaria que vai máis aló das ensinanzas en aulas. Toda estas actividades son publicitadas aos alumnos a través de diferentes medios físicos e electrónicos, e está dispoñible na páxina web do master (menú blog), así como no seu facebook.

	INFORME FINAL DO PAT	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	CODIF: R2-DO0203
---	----------------------	---	---------------------

## MASTER EN XESTIÓN EMPRESARIAL DO DEPORTE

Ficha para a Avaliación do PAT Máster Universitario en Xestión Empresarial do Deporte					
Grao de Cumprimento do PAT respecto ao Planificado					
Actuacións de organización					
Actividade	(Marcar cunha x)			Xustificación	Nº de asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Act. 1: Reunión Alumnos/as-coordinadores/as 13/09/2019			X	-Presentación da programación do máster e as materias. -Explicación do funcionamento do PAT. -Explicación do funcionamento e dinámicas do máster e acceso á plataforma da universidade (faiatic). -Información xeral sobre a facultade e a Universidade de Vigo.	13
Act. 3 Asesoramento Seguimento continuo Outubro a Xullo			X	O seguimento continuo realízase durante o días de clases coa dispoñibilidade do coordinador no centro. Ademais da atención do alumno no despacho, vía telefónica ou por correo electrónico durante todo o curso.	21
Act. 5: Análise-Avaliación final do PAT 28/03/2020			X	- Nos últimos días de clase presencial o coordinador interésase polo desenvolvemento do curso, e invítase ao alumnado a valorar e achegar a súa opinión sobre o PAT. - A partir deste momento o PAT céntrase no seguimento das prácticas externas e os TFM. - De maneira excepcional, motivado polo estado de alarma, a avaliación do PAT realizouse individualmente empregando medios telemáticos.	13
Actividades de acollida					
Actividade	(Marcar cunha x)			Xustificación	Nº de asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Xornada de presentación 13/09/2019			X	Realizouse o primeiro día de clase, explicando todo o funcionamento do máster.	13
Actividades de apoio e seguimento					
Actividade	(Marcar cunha x)			Xustificación	Nº de asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		

Reunión Grupal: 28/03/2020	X			Debido ao estado de alarma, decretado polo Goberno motivado polo COVID-19, as últimas sesións do máster realizáronse de maneira virtual. Por este motivo non foi posible realizar a reunión grupal final. De maneira alternativa a valoración do PAT por parte do alumnado levouse a cabo individualmente, mantendo contacto directo o coordinador cos alumnos mediante os medios telemáticos dispoñibles.	13
Reunións individuais			X	Realizáronse ao longo de todo o curso tanto con visitas no despacho da coordinación, como con la resolución de consultas vía correo electrónico e teléfono.	Coordinador e alumnos que solicitaron reunirse

#### Actividades de carácter formativo

Actividade	(Marcar cunha x)			Xustificación	Nº de asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
IX Congreso Iberoamericano de Economía do Deporte. 6, 7 y 8 de xuño de 2020	X			Debido á situación xerada polo COVID-19 o Congreso foi suspendido	
Obradoiro: Emprego dos recursos bibliográficos da Universidade deVigo. Biblioteca do Campus de Ourense.			X	Obradoiro de apoio á materia TFM e ás materias do máster en xeral.	13

#### Conclusións

O PAT está claramente implantado na titulación e utilizado polos estudantes para plantexar a súas dúbidas e inquedanzas que lle son resoltas polo coordinador do master.

As actividades de carácter formativo complementan a adquisición das competencias propias do master con diferentes metodoloxías. Toda estas actividades son publicitadas ós alumnos a través de diferentes medios físicos e electrónicos, e esta dispoñible na páxina web do master.

Dende a coordinación do master considerase que o PAT implantado é satisfactorio e permite a atención personalizada do alumnado, así como o intercambio de impresións sobre o desenvolvemento do master que posibilita a súa mellora.


Os estudantes puxeron de manifesto, nas distintas reunión mantidas con eles ó longo do curso, a súa satisfacción con funcionamento do PAT, e en definitiva ca atención personalizada que se lles dispensa dende o mestrado.



Universidade de Vigo	INFORME FINAL DO PAT	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	CODIF: R2-DO0203
----------------------	----------------------	---	---------------------

## CONSECUCIÓN DOS OBXETIVOS NOS GRAOS

Ficha para a Avaliación do PAT				
Grao de Consecución dos Obxectivos				
Obxectivos Xerais				
Obxectivo	(Marcar cunha x)			Xustificación
	Non logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Establecer un sistema de información, orientación e seguimento académico para os/as estudantes que están realizando estudos de grao mediante a asignación dun profesor/a-tutor/a.			X	
Motivar unha participación activa do alumnado de novo ingreso nos distintos aspectos da vida universitaria.			X	
Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a Universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar....			X	
Obxectivos Específicos				
Obxectivo	(Marcar cunha x)			Xustificación
	Non logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Fomentar a implicación dos estudantes na Xestión do Centro.			X	
Favorecer a comunicación cos estudantes e mellorar a satisfacción coa información recibida			X	
Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo dos alumnos.			X	
Conclusións				
<p>Unha vez máis, como en cursos anteriores, fíxose un esforzo por dar a coñecer a Universidade e os seus servizos ós alumnos de novo ingresos, así como ofrecendo cursos de formación complementarios e outro tipo de actividades que van máis aló da formación regulada a través das diferentes materias.</p> <p>É importante sinalar tamén a presenza de delegados de aula en todos os cursos, elixidos polos propios alumnos mediante un proceso de votación. Doutra banda, os estudantes participan regularmente nos órganos de goberno da Facultade mediante os seus representantes especificamente electos.</p> <p>Temos de proseguir co empeño de coñecer máis a fondo as posibles deficiencias formativas do alumnado para manter, crear ou modificar os “cursos cero” que estanse a ofrecer na Facultade.</p> <p>É necesario seguir promovendo a figura dos delegados de aula pois téñense mostrado como una ferramenta moi útil nas actividades de coordinación de cada curso e dos títulos.</p>				

	INFORME FINAL DO PAT	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	CODIF: R2-DO0203
---	----------------------	---	---------------------

## CONSECUCIÓN DOS OBXETIVOS NOS MÁSTER

### Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo de Interior e de Saúde

Ficha para a Avaliación do PAT				
Grao de Consecución dos Obxectivos Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde				
Obxectivos Xerais				
Obxectivo	(Marcar cunha x)			Xustificación
	Non logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Establecer un sistema de información, orientación e canalización socio educativa para as alumnas e alumnos de novo ingreso mediante a asignación dunha persoa docente titora, facendo especial énfase nos alumnos de novo ingreso.			X	
Implantar un sistema de información para o estudiantado sobre o funcionamento do centro, facendo especial énfase nos alumnos de novo ingreso.			X	
Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria, facendo especial énfase nos alumnos de novo ingreso.			X	
Axudar ao alumnado nas situacións persoais que dificulten o seu normal desenvolvemento da actividade académica.			X	
Empregar o PAT como unha forma máis de obtención de datos e valoración sobre o propio desenvolvemento e mellora da calidade da titulación.			X	
Conclusións				
O alumno ten contacto directo co seu titor (vía mail, teléfono ou en persoa) ao longo de todo curso para calquera dúbida que teña respecto ao Máster e a Universidade.				

### Máster Universitario en Xestión Empresarial do Deporte

Ficha para a Avaliación do PAT				
Grao de Consecución dos Obxectivos				
Obxectivos Específicos Máster en Xestión Empresarial do Deporte				
Obxectivo	(Marcar cunha x)			Xustificación
	Non logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Favorecer a comunicación cos estudantes e mellorar a satisfacción coa información recibida			X	
Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo dos alumnos.			X	
Conclusións				

O desenvolvemento do PAT facilita e mellora a comunicación cos estudantes creando espazos de intercambio de ideas e impresións sobre a titulación e o seu desenvolvemento.